



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: C81/14

**ANUNCIO**

Asto.: **Rectificación de erros do Proxecto de "SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU ( FASE I) consonte o escrito presentado en data 12.11.2015 ( RE 9300 da mesma data) por LAGARES OCA S.L**

Por resolución de alcaldía núm.1028/2015 de data 16.11.2015 resolveuse o seguinte:

1º.- Rectificar e subsanar os erros advertidos no proxecto de "SINALECTICA DO CONCELLO DE BUEU ( FASE I), de agosto de 2015, subscrito por LAGARES OCA S.L consistentes en:

**A) Corrixir o erro advertido na páxina 7 do documento nº 1, Memoria.**

No senso de que onde di:

*" b. Postes e abrazadeiras- condicións mínimas.*

– *Realizados en aluminio anodizado estriado con marcado con tornillería de aceiro inoxidable 18/10 con roscas autoblocantes e con 2 parafusos de aperte e regreta dentada nos soportes telescópicos, para garantir a súa ampliación.*

– *Debe estar incluída a base de aceiro de fundición de 12 mm de espesor e ancoraxe formada por chapa guía e 4 bulóns zincados de 22 mm espesor e 500 ou 700 mm de lonxitude.*

– *A parte superior deberá estar protexida con tapón de aluminio da mesma calidade que o soporte, para asegurar a súa impermeabilidade.*

*c.-O deseño será segundo se reflicte no plano nº 1 de detalles constructivos"*

**Debe dicir:**

***" b. Postes e abrazadeiras- condicións mínimas.***

– ***Postes realizados en aceiro galvanizado, con dimensións, de sección rectangular de 80 x 40 mm, ou sección cilíndrica de diámetro 90 mm***

– ***A ancoraxe do poste de sustentación será mediante cimentación tipo fincado directo, do poste na zapata de formigón, de dimensións mínimas de 400x500x400 mm.***

– ***A parte superior deberá estar protexida con tapón do mesmo material e calidade que o soporte, para asegurar a súa impermeabilidade.***

***c.- O deseño será segundo se reflicte no plano nº 2 de detalles constructivos. "***

**B) Corrixir o erro advertido na páxina 1 do documento nº 3 Orzamento . Orzamento parcial nº 1**

No senso de que onde dí:

*" Sinal informativa, de confirmación e orientación rectangular, de aluminio tipo caixón pintada de dimensións 45x120 cm, para sinalización. Incluído poste galvanizado de sustentación de 80x40 mm y 3,5 m de altura, la parafusería, escavación manual en terreo compacto ata unha profundidade de 1,5 m e o formigonado con HM-20 de consistencia plástica, sección mínima 400x 500x400 con tamaño árido 20 mm, area 0-5 MMM e cemento tipo Portland CEM II/B-V 32,5 R. Incluído deseño."*

**Debe dicir:**

***"Sinal informativa, de confirmación e orientación , rectangular e confeccionada mediante panel de aluminio, tipo caixón europeo (tipo panel 53 mm- lombo pechado), formado por perfil perimetral de aluminio extrusionado de 2mm de espesor e 53 mm de fondo en forma de "C", onde encaixarán as chapas planas de aluminio anterior e***



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

**posterior, rotuladas mediante impresión dixital. A sinal está composta por dous (2) tipos de perfís, os horizontais, tipo perfil con corredeira incorporada e os verticais tipo de perfil peche plano. A fixación de cartel aos postes realizase mediante abrazadeiras, que se unirán ao cartel mediante parafusos introducidos nas corredeiras. Os perfís perimetrais estarán anodizados segundo UNE 135331 ou lacados segundo UNE 135331 en cor a definir pola administración. As esquinas do panel son curvas, realizadas mediante pregadora. As dimensións do panel son medidas de 700 x 1000 mm. Os paneis irán sustentados mediante poste de aceiro galvanizado de forma rectangular de dimensións 80 x 40 mm ou poste cilíndrico de 90 mm de diámetro, e 220 cm de altura libre sobre rasante do terreo, incluíndo abrazadeiras de sustentación, parafusería. Inclúe a colocación, mediante cimentación tipo fincado directo, do poste na zapata de formigón, cunha lonxitude mínima de fincado de 50 cm. Fincar mediante escavación manual en todo tipo de terreos, incluso rocha, ata unha profundidade de 100 cm e formigonado con HM- 20 de consistencia plástica, sección mínima de 400 x 500 x 400 mm, con tamaño de árido de 20 mm, area o- 5mm e cemento tipo portland CEM II/ B-U 32,5 R. Incluído deseño. ”**

**C) Substituír o plano nº 2 do documento nº 4 “Planos. Detalles construtivos de sinalización informativa” contido no proxecto de agosto de 2015 (RE núm. 6666/15) polo plano aportado no escrito de data 12.11.2015 ( RE 9300 de 12.11.2015).**

2º.- Ordear a incorporación da documentación presentada por LAGARES OCA SL ( RE9300 de 12.11.2015) no expediente de contratación.

3º.- Levantar a medida provisional no procedemento de adxudicación do contrato mixto (obra e subministro) menor de “SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU (FASE I) ” con cargo ao PUSIM 2014 da Deputación provincial de Pontevedra consistente na suspensión da licitación iniciada por resolución de alcaldía núm. 960/2015 ordeando a publicación do correspondente anuncio no perfil de contratante, na web municipal e practicar a correspondente notificación individualizada aos que aparezan como interesados no procedemento a fecha de emisión do presente acto administrativo.

4º.- Modificar o CADRO DE CARACTERÍSTICAS da devandita obra contido na proposta do concelleiro delegado especial na área de xestión de espazos públicos de data 20.10.2015, aprobado por resolución de alcaldía núm. 960 de data 20.10.2015 do seguinte xeito:

A.- Reducir o prazo de presentación de proposicións do seguinte xeito:

III.5. PROPOSICIÓNS

PRESENTACIÓN PROPOSICIÓNS: Poderán presentar proposicións ademais das empresas que sexan invitadas, as que concorran dentro do prazo de **05 días naturais** posterior ao da publicación do correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante da web municipal

B.- Engadir como obriga específica da execución do contrato contida no apartado III.7 do cadro a seguinte:

- As que resulten das autorizacións sectoriais que corresponda

5º.- Reiniciar a licitación formulando novas invitacións as seguintes persoas físicas/xurídicas:

Identidade/CIF.	Domicilio social
BAYGAR S.L CIF. B- 12019659	Lugar de Ande- Rubian CP. 36619 VILAGARCIA DE AROUSA
API MOVILIDAD S.A DELEGACION GALICIA	Rúa Subida Cemiterio Puxeiros nº 53 CP. 36318 VIGO



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

BARRERAS DE SEGURIDAD S.L	C/ Cotelma bajo núm. 13 32890 A Valenzá-Barbadás OURENSE
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.LU	Avenida de Redondela nº 94, bajo 36320 Chapela REDONDELA

Sen prexuízo do anterior, as persoas físicas e xurídicas que, sen ser invitadas formalmente, desexen participar na licitación, PODERÁN facelo co cumprimento dos requisitos procedimentais que resultan do cadro de características que rexe a contratación.

**Asemade, as persoas físicas e xurídicas que teñan presentada proposición no prazo da licitación anterior, poderán presentar unha nova oferta económica, ou ben de non estimar a presentación dunha nova proposición, instar a comunicación expresa da renuncia a participar na licitación ou a continuación na licitación coa mesma oferta presentada en tempo e forma.**

6º.- Notificar a presente á empresa redactora do proxecto LAGARES OCA S.L, CIF. Núm. B36813715 "SINALÉCTICA DO CONCELLO DE BUEU (FASE I)", ao Director de obra como responsable do contrato e ao Departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

7º.- Ordenar a publicación do correspondente anuncio de licitación no Taboleiro de anuncios sito na casa consistorial e no perfil de contratante da web municipal.

8º Notificar a presente resolución ás empresas que foron invitadas, así como ás que presentaron a súa oferta ao procedemento de contratación e ordear a súa publicación no perfil do contratante.

**O que se publica para o coñecemento e efectos de quen puidera estar interesado na correspondente licitación e en aplicación dos principios de igualdade e transparencia nos termos que resultan do artigo139 do TRLCSP.**

En Bueu, a 16 de novembro de 2015

O Alcalde,  
Félix Juncal Novas